

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo:

1º.- Que o 25 de marzo de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE VIDALLÓN", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vidallón, parroquia de Villamos, municipio de Folgoso de Caurel. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 115. do mércores 19 de maio do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él polo que é firme.

2º.- Que o 19 de setembro do ano en curso a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral ese mesmo día, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afecte a 103 Hás. do monte en man común da súa pertenza, nas que se inclúsen 80 Hás. do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060 e 3 Hás. do "TESO DO PARO", LU-3159 consorciados polo Concello de Folgoso do Caurel có Patrimonio Forestal do Estado e 20 Hás., rasas na actualidade, que aportaban para ser repoboadas,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lles afecta, anule e substitúa os Consorcios dos montes "ALTO DO BUEY", LU-2060 e "TESO DO FARO", LU-3159 e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do convenio.

3º.- Que o Convenio ten como finalidade a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó aveiro dos Consorcios, a repoboación dos terreos rasos na actualidade, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas ou das que se creen no futuro, ó seu aproveitamento e a execución das obras e traballos auxiliares e complementarios concordantes con tales fins.

4º.- Que en consecuencia, o novo monte "DE VIDALLON", queda constituido por:

80 Hás. do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060,
3 Hás. do monte "TESO DO FARO", LU-3159 e
20 Hás., rasas, sen consorciar.

5º.- Que as superficies do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060, eran:

superficie total.....	581 Hás.
superficie repoboada	574 "
superficie inorestal.....	7 "

Como os que se indican, pasaron as seguintes superficies:

M o n t e	Superficie total	Superficie repoboada	Superfici inforestal
"DE FROXAN", 2725795	194 Hás.	192 Hás.	2 Hás.
"DE CASTRO PORTELA, 2715851.....	222 "	219 "	3 "
"DE VILAR" 2715852..	85 "	84 "	1 "
<u>Total</u>	<u>501 Hás.</u>	<u>495 Hás.</u>	<u>6 Hás.</u>

as actuais e as que pasan o monte "DE VIDALLON", son:

superficie total.	80 Hás.
superficie repoboadada...	79 "
superficie inforestal..	1 "

6°.- Que as superficies do monte "TESO DO FARO", LU-3159, son:

superficie total.	31 Hás.
superficie repoboadada...	30 "
superficie inforestal..	1 "

O monte "DE VIDALLON", pasan:

superficie total.	3 Hás.
superficie repoboadada...	3 "

7°.- Que a Comunidade aporta de novo o Convenio:

superficie total.	20 Hás.
superficie rasa forestal	20 "

8°.- Que polo tanto, as superficies actuais do novo monte "DE VIDALLON" do convenio que se propoñe, son:

superficie total.....	103 Hás.
superficie repoboadada ...	82 "
superficie inforestal...	20 "
superficie inforestal...	1 "

9°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060.

conforme coas Certificación que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1994.	14.436.502.-Ptas.
pasados o m/"DE FROXAN", 2715851.....	4.579.088,- "
pasados o m/"DE CASTRO PORTELA", 2715851..	5.651.240,- "
pasados o m/"DE VILAR", 2715852.....	2.167.599,- "
saldo actual:	2.038.575,- "
o 31-12.1976, ano en que foi clasificado como	
en man común a parte do monte pertencente á -	
Comunidade de Vidallón.....	2.704.953.- Ptas.

A contabilizar conforme coa Claúsula Adicional Segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro:

79 x 2.038.575,-Ptas. - 79 x 2.704.953,- Ptas. 1.666.291,-Pts
79 574

Ingresos:

Administración Forestal.	175.209,-Ptas.
Excma. Deputación Provincial de Lugo.	12.709,- "
Total	187.918,- "
pasados o m/"DE FROXAN", 2715795....	62.587,- "
pasados o m/"DE CASTRO PORTELA", 2715851	71.852,- "
pasados o m/"DE VILAR", 2715852.....	27.560,- "
saldo actual:	25.919,- "

10°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "TESO DO FARO", LU-3159.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1994.	1.581.017,-Ptas.
o 31-12-1976, ano en que foi clasifi- cada como en man común a parte do mon te pertencente á Comunidade de Vida-- llón.	112.189,- "

A contabilizar conforme coa Cláusula Adicional
Segunda da Lei 13/1989, do 10 de outubro:

<u>3</u> x 1.581.017,-Pts. - <u>3</u> x 112.189,- Pts.	146.883.- Ptas.
30	30

b) Ingresos:

saldo actual:	30.000,- Ptas.
---------------------	----------------

11°.- E que os gastos que por traballos,
administración e gardería, así como os ingresos, que das
contas dos Consorcios dos montes "ALTO DO BUEY", LU-2060
e "TESO DO FARO", LU-3159, pasan a conta do Convenio do
monte "DE VIDALLON", son:

a) GASTOS:

del monte "ALTO DO BUEY", LU-2060:

traballos.	1.666.291,-Ptas
administración: <u>7,85</u> x 1.666.291,-Ptas.	130.804,- "
gardería: 79 Hás. x 845,- Ptas./Há.....	66.755,- "

del monte "TESO DO FARO", LU-3159:

traballos:	146.883,-Ptas
administración: <u>7,85</u> x 146.883,-Pts...	11.530,- "
100	
gardería: 3 Hás. x 845,-Ptas-/Há.	2.535,- "

TOTAL GASTOS.	2.024.798,-Ptas
--------------------	-----------------

a) INGRESOS:

Do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060:

<u>79 Hás.</u> x 25.919,-Ptas.	25.919,-Pts.
79 Hás.	

Do monte "TESO DO FARO", LU-3159:

<u>3 Hás.</u> x 30.000,-Ptas.	3.000,- "
30 Hás.	

TOTAL INGRESOS	28.919,-Ptas.
----------------------	---------------

12º.- E que a conta do Convenio do monte "DE VIDALLON", abre cun saldo de:

2.024.798,-pesetas - 28.919,-pesetas.....1.995.879,-Ptas.

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio ds seguintes características:

Nome do monte: "DE VIDALLON".
Elenco: 2715853.
Superficie: 103 Hás.
Pertenza: Comunidade de Vidallón.
Termo municipal: Folgoso de Caurel.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado:
70%.
Participación da Consellería no voo creado:
30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE VIDALLON", 2715853, se abra cun saldo de 1.995.879,- pesetas sen perxuicio dos gastos e ingresos que, con posterioridade a data de seu peche, hubieran podido ter as contas dos Consorcios dos montes "ALTO DO BUEY", LU-2060 e "TESO DO FARO", LU-3159.

3º.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "ALTO DO BUEY".
Elenco: LU-2060.
Superficie: 80 Hás.
Pertenza: Parroquia de Villamor.
Termo municipal: Folgoso de Caurel.

4°.- Que as características do monte LU-3159, sexan no sucesivo as seguintes:

Nome: "TESO DO FARO".

Elenco: LU-3159.

Superficie: 28 Hás.

Pertenza: Parroquia de Villamor.

Termo municipal: Folgoso de Caurel.

5°.- Que, por pasar a conta do Convenio do monte "DE VIDALLON", 271553, das contas do Consorcio do monte "TESO DO FARO", LU-3159, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 3 Hás. x 1.581.017,-Ptas. 158.102,-Ptas.

30 Hás.

ingresos: 3 Hás. x 30.000,- Ptas. 3.000,-Ptas.

30 Hás.

Non obstante V.E. resolverá,

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 1995.

A XEFA DO SERVICIO DE XESTIÓN DE
XESTIÓN DE MONTES,



Asdo.: M^a del Carmen Juliani Aguado.

V^oB^o

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E
MONTES.-

ILMO. SR. :

Visto o expediente relativo a transformación na parte que lles afecte dos consorcios existentes sobre os montes "ALTO DO BUEY", Lu-2060, e "TESO DO PARO", Lu-3159 nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños do lugar de Vidallón, parroquia de Villamos, termino municipal de Folgoso do Caurel, Lugo, propietaria do monte veciñal en man común denominado "DE VIDALLON", e a vista dos informes favorables emitidos polo Servizo de Montes e Industrias Forestais de Lugo e pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da produción forestal, o Real Decreto 1279/78, que aproba o seu regulamento, e o Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260 /92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago a 19 de ^{outubro} decembro de 1995

O XEEF DA SECCION XURIDICA

Asdo: Manuel M^a Rodriguez Perea

ILMO SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome de monte: "DE VIDALLON".

Elenco: 2715853.

Superficie: 103 Hás.

Pertenza: Comunidade de Vidallón.

Termo municipal: Folgoso do Caurel.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado:
70%.

Participación da Consellería no voo creado:
30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE VIDALLON", 2715853, se abra cun saldo de 1.995.879,- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que, con posterioridade a data de seu peche, hubieran podido ter as contas dos consorcios do monte "ALTO DO BUIEY", LU-2060 e "TESO DO FARO", LU-3159.

3º.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "ALTO DO BUEY".
Elenco: LU-2060.
Superficie: 80 Hás.
Pertenza: Parroquia de Villamor.
Termo municipal: Folgoso do Caurel.

4º.- Que as características do monte LU-3159, sexan no sucesivo as seguintes:

Nome: "TESO DO FARO".
Elenco: LU-3159.
Superficie: 28 Hás.
Pertenza: Parroquia de Villamor.
Termo municipal: Folgoso do Caurel.

5º.- Que, por pasar a conta do Convenio do monte "DE VIDALLON", 271583, das constas do Consorcio do monte "TESO DO FARO", LU-3159, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 3 Hás. x 1.581.017,- Ptas. 158.102,- Ptas.
30 Hás.
ingresos: 3 Hás. x 30.000,- Ptas. 3.000,- "
30 Hás.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1995.

O CONSELLEIRO,

P.D.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5853
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a vinte de Novembro de mil novecentos noventa e cinco.

REUNIDOS

Dunha banda, D., Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **TOMAS PEREZ VIDAL**, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE VIDALION"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerá polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **16 de Xaneiro de 1.953 e 9 de Setembro de 1.960** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª — Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vidalión, parroquia de Vilamor, termo municipal de Folgoso do Courel**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE VIDALION".**

Termo municipal: **Folgoso do Courel**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vidallón, parroquia de Vilamor, termo municipal de Folgoso do Courel.

Límites: PARCELA I.-

N.: N.- Monte "TESO DEL FARO", LU-3159; E.- Carretera de Folgoso do Courel a Quiroga; S.- Propiedades particulares e mais monte veciñal da Comunidade de Vidallón e O.- Monte "TESO DEL FARO", LU-3159.

S.: PARCELA II.-

L.: N.- Monte "COROLUDA", LU-2094; L.- Termo municipal de Quiroga; S.- Monte "ALTO DEL HUEY", LU-2060 e O.- Mais monte veciñal da Comunidade de Vidallón.

Superficie: 103 (CENTO TRES) Hás.

Estado forestal: 82 (OITENTA E DUAS) Hás. repoboadas; 20 (VINTE) Hás. rasas forestais e 1 (UNHA) HÁ. inforestal.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 82 (OITENTA E DUAS) Hás.

Sen vexetación arbórea: 21 (VINTEUNHA) Hás.

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Vidallón, parroquia de Vilamor, termo municipal de Folgoso do Courel

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 80 Hás. do monte "ALTO DEL HUEY", LU-2060
33 Hás. do monte "TESO DEL FARO", LU-3159.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris,
P. pinaster e P. radiata nas sós rasas na súa actualidade.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTÍZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " DE VIDALLÓN ", Lugar de Vidallón, parroquia de Vilamor, concello de FOLGOSO DO COUREL, Nº Rexistro 0476, data 20-09-95.

2.— Que, así mesmo, figura Don LUIS RODRÍGUEZ PARADIÑEIRO, e Don VICTOR MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6 19-setembro-1.999.

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 22 de setembro de 1995.



Don VICTOR MANUEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ, Secretario de Comunidade de Vidallón, terme municipal de Folgoso do Courel.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 19 de Setembro de 1.995, estando designado Don LUIS RODRIGUEZ PARADIÑEIRO, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Vidallón (Folgoso do Courel) a vinte e seis de Setembro de mil novecientos noventa e cinco.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Luis Rodríguez

O PRESIDENTE,

Victor M. Rodríguez

Asdo.: Luis Rodríguez Paradiñeiro.

Asdo.: Victor Manuel Rodríguez Rodríguez.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Luis Rodríguez

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)

D. Luis Rodriguez Paradifneiro.

D. Victor Manuel Rodriguez Rodriguez

D. Jaime Rodriguez Rodriguez.

D. Senén Ramos Rodriguez.

En el lugar de Vidallón, parroquia de Villamor, municipio de Folgoso de Caurel, siendo las catorce horas del día 19 de Septiembre de 1.995, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Vidallón, cuya relación figura al margen.

Por unanimidad de los asistentes y conforme con lo acordado por la Asamblea General reunida en el día de hoy, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 103 H.ás. del monte vecinal en mano común de su pertenencia "DE VIDALLON", en las que se incluyen 80 Hás. del monte "ALTO DEL BUEY" y 3 Hás. del "TESO DEL FARO", consorciados por el Ayuntamiento de Folgoso de Caurel con el Patrimonio Forestal del Estado y 20 Hás., rasas en la actualidad, que se aportan para ser repobladas, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "DE VIDALLON".

Superficie: 103 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

N.- Monte "TESO DEL FARO";

E.- Carretera de Folgoso de Caurel a Quiroga;

S.- Propiedades particulares y mas monte vecinal de la Comunidad de Vidallón y

O.- Monte "TESO DEL FARO".

PARCELA II.-

N.- Monte "COBOLUDA";

E.- Término municipal de Quiroga;

S.- Monte "ALTO DEL BUEY" y

O.- Más monte vecinal de la Comunidad de Vidallón.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que les afecta, amule y sustituya a los Consorcios de los montes "ALTO DEL BUEY" y "TESO DEL FARO".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Victor Manuel Rodriguez Rodriguez

Jaime Rodriguez Rodriguez

Luis Rodriguez Paradifneiro

Senén Ramos Rodriguez